



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO PINO PARA A INSTALACIÓN DUNHA ILLA DE CONTEDORES SOTERRADOS NA AVENIDA DA IGREXA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de O Pino o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de O Pino para a instalación dunha illa de contenedores soterrados na Avenida da Igrexa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Xacobeo 2021





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- Na actualidade no núcleo de O Pedrouzo (Arca) aínda que se instalaron recentemente algúns contedores soterrados, segue a ter contedores ubicados en superficie, ben en beirarrúa ben en calzada.

Pola Avenida da Igrexa que ademais de estar ubicada no centro da capitalidade municipal, discorre moi preto o Camiño de Santiago (Camiño Francés). Ambas circunstancias levan ó Concello a preocuparse non só polo aspecto puramente sanitario senón tamén de xeito significativo polo impacto visual que os contedores en superficie provocan, nunha zona de elevado tránsito peonil, fachada de municipio e onde se ubican centros de hostalería (cafeterías, albergues...) e locais comerciais vinculados ao Camiño.

As actuacións contempladas no proxecto consisten en instalación dunha illa de contedores soterrados. A ubicación está prevista en zona destinada actualmente a aparcamento a fin de evitar afeccións sobre os servizos existentes baixo beirarrúa. A illa está composta de cinco contedores coas seguintes dotacións:

-Mecanismo hidráulico de carga traseira para 3 contedores e carga con pluma para os dous restantes.

-Adaptador de sistema hidráulico a camión recolector.

-Centraliña

-Arquetas





-Buzóns de plástico ultrarresistente prefabricados en polietileno rotomoldeado, para recollida selectiva.

-Cubetas de almacenamento.

-Plataforma de seguridade en chapa de aceiro pregalvanizada sobre estrutura tubula con sistema de enclavamento mediante dobre pedal e elevación mediante cilindro pneumático.

-Remate superior de chapa lacrimada de aluminio cortada á láser de 3 mm de espesor.

Todos eles colocados en foxos de formigón prefabricado.

Previo a súa instalación faise precisa a demolición de bordo, beirarrúa e pavimentos existentes e a realización das acometidas necesarias para o perfecto funcionamento do sistema. Finalmente contéplase a reposición do pavimento e servizos afectados pola execución das obras.

Quinto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020 e once as súas liñas estratéxicas.

O Reto 1.- Aproveitar o potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ó redor dunha Marca: Galicia. A sustentabilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

- Paisaxe, recursos naturais e sustentabilidade.
- Valores diferenciadores e o seu potenciamento
- A mobilidade turística
- Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

A súa vez, a liña estratéxica 2 ten por obxecto os valores diferenciadores e a súa potenciación, e nela establécese que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal,



como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Son obxectivos estratéxicos desta liña:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de O Pino unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

